



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xuño 2020


Santiago de Compostela, 07 de agosto de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en xuño de 2020 un retroceso do 10,6% con respecto a xuño de 2019, mentres que a nivel nacional a caída foi do 9,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos eles decreceron: os bens de consumo un 19,8%, os bens equipo un 6,8% e os intermedios un 7,9%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 6,9%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “fabricación de produtos metálicos” que resta 3,0 puntos, a “fabricación de bebidas” que detrae 2,3 puntos, a “industria da alimentación” que minora 2,0 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que resta 1,4 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas, (4,9 puntos de 9 ramas), destacan a “producción de vehículos de motor” que achega 2,3 puntos e a “producción de enerxía eléctrica” que engade 1,3 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xuño de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do 10,6%, mellorando en 23,1 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-33,7%). En España rexistrouse un decrecemento do 9,6%, mellorando en 18,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (-28,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 19,8%, o que detrae 5,2 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 6,8%, o que minora 1,9 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decrecen un 7,9%, cunha repercusión negativa de 2,4 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 6,9% e resta 1,0 puntos á taxa de variación interanual.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de xuño foron: a “fabricación de produtos metálicos” que resta 3,0 puntos, a “fabricación de bebidas” que detrae 2,3 puntos, a “industria da alimentación” que minora 2,0 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que resta 1,4 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas, (4,9 puntos de 9 ramas), destacan a “produción de vehículos de motor” que achega 2,3 puntos e a “produción de enerxía eléctrica” que engade 1,3 puntos.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -29,3% de Balears e o 5,8% de Murcia. Agás a devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Comunitat Valenciana (-5,8%), Navarra (-6,1%), Madrid (-7,7%), Cantabria (-8,6%) e Aragón (-8,8%).

IPI xuño 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	89,3	-10,6	-15,2	--	--
Bens de consumo	92,7	-19,8	-19,2	-5,2	-4,8
Bens de equipo	100,8	-6,8	-20,3	-1,9	-5,1
Bens intermedios	111,9	-7,9	-15,4	-2,4	-4,4
Energía	53,5	-6,9	-4,2	-1,0	-0,9
España					
Xeral	96,3	-9,6	-14,8	--	--
Bens de consumo	95,7	-3,6	-10,7	-0,9	-2,7
Bens de equipo	104,4	-12,7	-23,7	-3,2	-5,7
Bens intermedios	98,7	-10,2	-14,8	-3,1	-4,6
Energía	85,5	-12,1	-9,3	-2,4	-1,8

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2020

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-10,6		-15,2		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	18,0	2,3	-14,2	-1,7	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	13,6	1,3	2,5	0,4	22,3
Outras industrias extractivas	30,1	0,4	-9,7	-0,1	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	12,4	0,3	-16,9	-0,4	2,5
Industria química	10,6	0,2	-12,6	-0,2	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	5,6	0,1	-15,1	-0,3	1,4
Industria téxtil	20,1	0,1	-29,3	-0,2	0,6
Outras industrias manufactureiras	-23,7	-0,1	-22,7	-0,1	0,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-8,0	-0,3	-14,3	-0,5	4,1
Industria do papel	-10,6	-0,3	-2,1	-0,1	2,2
Fabricación de mobles	-21,3	-0,3	-25,3	-0,3	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-16,9	-0,4	-17,0	-0,4	2,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-16,4	-0,5	-25,7	-0,7	2,6
Confección de roupa de vestir	-18,0	-0,5	-38,9	-1,7	4,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-13,6	-0,7	-7,8	-0,4	5,1
Fabricación doutro material de transporte	-40,9	-1,0	-45,0	-1,0	2,0
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-28,2	-1,4	-27,5	-1,2	3,6
Industria da alimentación	-12,2	-2,0	-4,3	-0,6	13,2
Fabricación de bebidas	-44,6	-2,3	-44,3	-1,8	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-26,3	-3,0	-25,0	-2,4	7,7
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	96,3	-9,6	-14,8
Galicia	89,3	-10,6	-15,2
Andalucía	90,4	-11,8	-16,8
Aragón	101,7	-8,8	-17,5
Asturias	84,7	-17,8	-16,8
Baleares (Illes)	67,4	-29,3	-24,0
Canarias	78,6	-13,1	-11,1
Cantabria	105,0	-8,6	-17,1
Castilla - La Mancha	90,0	-11,8	-13,0
Castilla y León	89,7	-10,8	-17,9
Cataluña	94,8	-10,3	-15,5
Comunitat Valenciana	102,2	-5,8	-13,3
Extremadura	79,6	-21,6	-13,4
Madrid	102,5	-7,7	-11,5
Murcia	126,0	5,8	-4,5
Navarra	110,0	-6,1	-12,9
País Vasco	97,8	-11,2	-18,0
Rioja (La)	70,6	-19,7	-15,8

Fonte: INE